

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 14 de novembro de 2024 pola que se autorizan novos centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2024/25.

De conformidade co establecido no artigo 16 da Orde desta consellería, do 12 de maio de 2011 (DOG do 20 de maio), pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de centros plurilingües de Galicia, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar os centros plurilingües que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non consideraren oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación,
Ciencia, Universidades e Formación Profesional



ANEXO

Rede de centros plurilingües**Centros autorizados 2024-2025**

Cód. Centro	Nome do Centro	Idioma	Etapas autorizadas	Materia
36016644	CEIP de Laredo	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
15017041	CEIP A Igrexa-Calo	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
36005555	CEIP Marquesa do Pazo da Mercé	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
36004496	CEIP de Sequelo-Marín	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
27004635	CPI Dr. López Suárez	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
32008173	CEIP de Oímbra	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
36006109	CEIP de Parada-Campañó	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
32003059	CEIP San Marcos	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual Educación Física
36010587	CEIP Sárdoma Moledo	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
36005956	CEIP Carlos Casares	Inglés	Educación primaria	Educación plástica e visual
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	Inglés	Educación secundaria obligatoria	Educación plástica visual Educación Física

